



BOP

VENRES, 12 DE XANEIRO DE 2024

N.º 010

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Anuncio

Acordo do 05 de decembro de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Ribeira de Piquín (expediente IN407A 2022/131-2).

Con data 23 de agosto de 2023, a Xefatura Territorial de Lugo ditou resolución pola que se outorgan á empresa BARRAS ELECTRICAS GALAICO ASTURIANAS SA as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "proxecto para peche de anel 20 kV LMT Fonsagra_1 (SE_Meira) con LMT Meira_2 (SE_Fonsagrada) CT Outariz (CD_260)-CT Vilares (CD_1035)" no concello de Ribeira de Piquín.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Ribeira de Piquín, deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" do 05 de setembro de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 06 de setembro de 2023, para que comparezan o día 20 de febreiro de 2024 no concello da Ribeira de Piquín sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Ribeira de Piquín estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 05 de decembro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto para peche de anel 20 kV LMT Fonsagra_1 (SE_Meira) con LMT Meira_2 (SE_Fonsagrada) CT Outariz (CD_260)-CT Vilares (CD_1035)

Concello : Ribeira de Piquín

Expediente: IN407A 2022/131-2

Finca	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Apoio n.º	Sup. (M2)	LAT. Aérea Lonx. (ml)	LAT. Aérea Sup. (m²)	LAT. Aérea Ocupac. Temporal obras e accesos (m²)	LAT. Soterrada Sup. Ocupación permanente (m²)
1	33	349	Valiñas	Monte alto	González Alonso Elia			334	529	107	
				Monte baixo		0	2	195		65	
2	33	339	Valiñas	Monte alto	García Cancio Amable			69	2.108	9	
				Monte baixo		1	2	2.039		755	
3	33	318	Cortiña	Monte baixo	García Cancio Amable			75	75		
4	33	317	Cortiña	Monte baixo	García Cancio Amable			91	91		
5	33	729	Cortiña	Monte baixo	García Cancio Amable			112	112		
6	33	319	Cortiña	Monte baixo	García Cancio Amable			241	241		
7	33	728	Cortiña	Monte baixo	García Cancio Amable			69	69		
8	33	727	Cortiña	Monte baixo	García Cancio Amable			10	10		
9	33	298	Cortiña	Monte baixo	García Cancio Amable			702	702		
10	33	299	Cortiña	Monte baixo	García López José María			34	34		
11	33	295	Cortiña	Monte baixo	López López Jesús	2	2	453	453	66	
12	38	45	Curtiña	Monte baixo	González Alonso Elia	3	3	868	868	72	
14	38	41	Curtiña	Monte alto	Gómez Fernández Carlos			151	151		
16	38	42	Curtiña	Monte alto	García López José María			500	500		
17	38	38	Curtiña	Monte alto	Gómez Fernández Carlos			5	5		
19	38	50	Curtiña	Monte alto	González Alonso Elia			866	866	206	
20	38	57	Curtiña	Monte alto	López López Jesús			605	605	132	
21	38	10056	Curtiña	Monte alto	Álvarez Fernández María Teresa			583	583	137	
22	38	56		Monte alto	Álvarez Fernández María Teresa			48	48		
23	37	72	Estivo	Monte alto	Álvarez Fernández María Teresa	4	3	1.093	1.093	49	
25	37	74	Estivo	Monte alto	Álvarez Fernández María Teresa	6	3	1.687	1.687	152	

Finca	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Apoio n.º	Sup. (M2)	LAT. Aérea Lonx. (ml)	LAT. Aérea Sup. (m²)	LAT. Aérea Ocupac. Temporal obras e accesos (m²)	LAT. Soterrada Sup. Ocupación permanente (m²)
27	37	79	Estivo	Monte alto	López López Jesús			92	92		
28	36	203	Pando	Monte alto	González Alonso Elia			2.636	2.636	236	
29	36	202	Pando	Monte alto	Gómez Fernández Carlos	7	2	3.250	3.250	703	
30	36	201	Pando	Monte baixo	García Cancio Amable			301	301	96	
33	36	198	Pando	Monte alto	González Vidal María Alicia			1.311	1.311		
				Monte baixo		9	2	1.899	1.899	93	
38	37	145	Trasdosco	Monte baixo	Carrín Fernández Dionisio			4	4		
39	37	146	Trasdosco	Monte baixo	Linares Díaz Sixto			54	54		
41	37	148	Trasdosco	Monte baixo	Fernández Vidal José	14	10	63	63	48	12

Lugo, 05 de decembro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0043

CONCELLOS
FOLGOSO DO COUREL
Anuncio

Por DECRETO 2024-0006 resolveuse aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para o a cobertura, con carácter definitivo e en réxime de propiedade, dunha praza de Auxiliar Administrativo no Concello de Folgoso do Courel, o cal contén o seguinte teor:

DECRETO DE ALCALDÍA

Mediante DECRETO 2023-0212, de data 18/07/2023, resultaron aprobadas a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para o a cobertura, con carácter definitivo e en réxime de propiedade, dunha praza de Auxiliar Administrativo do Concello de Folgoso do Courel.

A convocatoria e bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 172, de data 28/07/2023.

Con data 29/08/2023 anunciouse un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado -nº 206-, comezando a partires do día seguinte hábil ao de dita publicación, o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo, mediante DECRETO 2023-0374, de data 10/11/2023, resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, o que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 20/11/2023; lista que posteriormente foi rectificad polo DECRETO 2023-0385, de data 22/11/2023, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 29/11/2023.

Trascorrido o prazo de subsanación de solicitudes, por medio da presente, seguindo o disposto na Base 6 das bases reguladoras, e en virtude dos artigos 20 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS no proceso selectivo referenciado no encabezado do presente, de acordo co que segue:

PERSOAS ADMITIDAS		
Nº de orde	NOME E APELIDOS	NIF
1	SANDRA ARZA RODRÍGUEZ	**2694***
2	SUSANA COSTA CASTRO	**7577***
3	DAVID VILA RODRÍGUEZ	**3062***
4	ELOY SOBRIDO GARCIA	**4855***
5	BEATRIZ COPA LÓPEZ	**2692***
6	DIEGO ALFREDO DOPICO FURELOS	**7133***
7	JOSÉ ANTONIO BRAÑAS LÓPEZ	**3057***
8	VICTOR AIRA LÓPEZ	**2711***
9	SHEYLA VELEZ VILLANUEVA	**5541***
10	GONZALO DÍAZ LÓPEZ	**5455***
11	AURORA CASTRO OCHOA	**2679***
12	BEATRIZ FERNANDEZ FERNÁNDEZ	**2655***
13	FRANCISCO JAVIER FIGUEIRAS FIGUEROA	**1609***
14	JUAN JOSE CASTEDO REY	**5565***
15	NEREA DEIROS LÓPEZ	**5580***
16	GERMANA MARCOS FUENTES	**2703***
17	SONIA VILA VISUÑA	**2676***
18	BRAIS CALLES ALONSO	**1653***
19	PAULA PILLADO ROZAS	***3774**
20	ALBA MARIA AIRA TOUZON	**5454***
21	PATRICIA RODRIGUEZ ARIAS	**9961***
22	DIEGO RODRIGUEZ ROGRIGUEZ	**2747***
23	MARIA SONIA FERNANDEZ ALVAREZ-FERNANDEZ	**4305***
24	ANA BELEN SEIXIDO GOMEZ	**6774***
25	PALOMA ARIAS DOAMO	**2674***
26	ERO ROZAS ALVAREZ	**8618***

27	MIGUEL RODRIGUEZ CABAÑAS	**33652**
28	AIRAS HERMIDA FERNANDEZ	**9609**
29	IBAN LOPEZ LOPEZ	**2643**
PERSONAS EXCLUIDAS		
NOME E APELIDOS		NIF
CAUSA DE EXCLUSION		
BEGOÑA SANTIAGO DOPICO		**6672**
ALBERTO COLLAZO SUAREZ		**4399**
MARIA PACIOS VILLAR		**5367**
IRIS RODRIGUEZ BUENO		**4991**

Causas de exclusión:

a) Presentación da solicitude fora de prazo establecido (Base 4ª).

b) Non achega modelo normalizado de solicitude (Base 4ª).

c) Non achega asinado o modelo normalizado de solicitude (Base 4ª).

d) Non achega copia autenticada ou compulsada do DNI (Base 4ª).

e) Non achega copia autenticada ou compulsada da titulación esixida (Base 4ª).

SEGUNDO.-Convocar ás persoas admitidas á celebración do primeiro exercicio da fase de oposición, que terá lugar o venres 26 de xaneiro de 2024 ás 12 horas na Casa do Concello de Folgoso do Courel. Os/as aspirantes serán chamados en único chamamento, quedando excluídos/as do proceso as persoas que non comparezan. As persoas aspirantes deberán vir provistos/as do DNI ou documento equivalente.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica deste Concello (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>).

Folgoso do Courel, 8 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, DOLORES CASTRO OCHOA.

R. 0044

FOZ

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

Observando erro na publicación definitiva do **Orzamento Xeral do Concello de Foz para o exercicio 2024** (B.O.P. nº 003 de data 03/01/2024), por medio da presente rectifícase a táboa de Estado de Gastos da seguinte forma:

Onde di:

ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	3.863.400 €
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	5.540.850 €
3	GASTOS FINANCEIROS	15.300 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	610.950 €

5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	383.000 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		10.413.455 €

Debe dicir:

ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULO		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	3.875.400 €
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	5.528.805 €
3	GASTOS FINANCEIROS	15.300 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	610.950 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	383.000 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		10.413.455 €

Foz, 4 xaneiro 2024.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 0045

Anuncio publicado en: Num BOP 10 año 2024 (12/01/2024 08:00:00)

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 21 de decembro de 2023, aprobáronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 5º bimestre de 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 20 de xaneiro de 2024 e o 20 de marzo de 2024.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 8 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0046

LOURENZÁ

Anuncio

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliaria de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 4º trimestre de 2023, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de abril do 2024, as débedas pendentes esixíranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 8 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0047

MONDOÑEDO

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2023, de aprobación provisional da ordenanza fiscal nº 28 reguladora da taxa por prestación de servizos aos visitantes a "Cova do Rei Cintolo", no presentándose reclamacións durante o período de exposición

pública, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcríbese o texto íntegro da mesma, para a súa entrada en vigor:

ORDENANZA FISCAL Nº 28 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS AOS VISITANTES A “COVA DO REI CINTOLO”

Artigo 1º Concepto, fundamento e natureza.

1. O Concello de Mondoñedo, en uso das atribucións establecidas nos arts. 133.2 e 142 da Constitución, 106 de la Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15.1 , 20.1 B) e 132.1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa pola prestación de servizos aos visitantes das Covas do Rei Cintolo.

2. Os servizos que fundamentan a TAXA regulada en esta Ordenanza están constituídos pola realización de visitas guiadas que permitan coñecer e admirar os singulares recursos xeolóxicos e naturais existentes na Cova do Rei Cintolo, prestados con carácter exclusivo nesta provincia.

3. De conformidade co que determina o artigo 2.2 da Lei 39/88, esta taxa ten natureza de ingreso ou recurso de Dereito público, e para a súa cobranza o Concello ostenta as prerrogativas establecidas legalmente para a Facenda do Estado e actuará, no seu caso, conforme ós procedementos administrativos correspondentes.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a visita ás Covas do Rei Cintolo, no calendario de apertura que se determine anualmente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Mondoñedo.

Artigo 3º Obrigados e Responsables Tributarios

1. Son obrigados tributarios as persoas físicas ou xurídicas, e las entidades aos que a normativa tributaria impón o cumprimento das obrigas tributarias.

2. Terán a consideración de obrigados tributarios, os contribuíntes, substitutos dos contribuíntes, sucesores e demais establecidos no artigo 35.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades, que carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou patrimonio separado susceptible de imposición.

3. Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas que visiten a Cova do Rei Cintolo.

4. Responderán solidaria e subsidiariamente das débedas tributarias, as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria, respectivamente.

Artigo 4º Base Imponible.

1. Constitúe a Base Imponible desta Taxa, o custo real ou previsible do Servizo Obxecto do feito imponible. O importe da Taxa non poderá exceder, no seu conxunto, do citado custo.

2. Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado, e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenrolo razoable do servizo polo que se esixe a taxa, todo elo con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga.

Artigo 5º Importe e cota tributaria

O importe da taxa á que se refire esta Ordenanza ven determinado polo custo do servizo, conforme ao correspondente estudio económico e ponderando a concorrencia de circunstancias de tipo social e cultural, sendo as cotas a satisfacer as seguintes:

SERVIZO PRESTADO IMPORTE TAXA

- Visita guiada ordinaria á galería central 20,00 €/persoa
- Visita guiada especial 40,00 €/persoa

Non se establecen mínimos económicos para levar a cabo a visita, nin grupo mínimo de persoas, pero facúltase á Xunta de Goberno Local a establecelos, cada ano, no momento de aprobar o calendario de visita para o ano en curso. En caso de non recollese referencia expresa no mesmo, non haberá mínimo de persoas para levar a cabo visitas á Cova do Rei Cintolo en calquera das súas modalidades.

Así mesmo, corríxese coa presente norma fiscal os grupos mínimos establecidos na normativa en vigor, nos artigos 6 e 8, redactados en base á normativa fiscal previa a esta ordenanza.

No momento actual a norma en vigor é “Regulamento dos rexímenes de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo (Mondoñedo, Lugo), Actividades deportivas xerais e actividades científicas ou de investigación” e está publicada no BOP de Lugo, núm. 273, do venres 27 de novembro de 2020.

Aos efectos dunha correcta xestión das visitas a efectuar nestas instalacións, inclúense as determinacións e definicións seguintes:

- As visitas realizaranse necesariamente con guía e en grupos organizados segundo a normativa vixente en cada momento. No momento actual a norma en vigor é “Regulamento dos rexímenes de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo (Mondoñedo, Lugo), Actividades deportivas xerais e actividades científicas ou de investigación” e está publicada no BOP de Lugo, num. 273, do venres 27 de novembro de 2020.
- Así mesmo, corríxese coa presente norma fiscal os grupos mínimos establecidos na citada normativa nos artigos 6 e 8.
- Así, distínguense dous tipos de visitas:
 - Visitas guiadas ordinarias á galería central: Realizadas pola galería central da Cova e galería paralela, cun percorrido aproximado de 300 metros e cunha duración estimada dunha hora e quince minutos.
 - Visita guiada especial: Realizadas en salas inferiores á galería central da Cova cun percorrido aproximado de 2000 metros e cunha duración estimada de dúas horas e media.
- As visitas realizaranse con suxeición á periodicidade que, en función da demanda, se determine como necesaria en cada momento.

Adquisición de entradas e desprazamentos.

A realización de reservas e o rexistro e venda de entradas realizarase a través da Oficina Municipal de Turismo do Excmo. Concello de Mondoñedo.

Os desprazamentos ás inmediacións da Cova realizarase polos usuarios nos seus propios medios de transporte, sendo responsabilidade do Concello de Mondoñedo guiar o informar detalladamente aos grupos de visitantes para que podan chegar dente a oficina municipal de turismo, ou calquera outro punto de Mondoñedo, ata a entrada da mesma.

Entrada de Centros Educativos:

Será una visita ordinaria de recorrido curto á Galería Central, que se poderá conceder aos Centros Educativos previa solicitude ao Concello de Mondoñedo, con unha antelación mínima de dez días naturais.

A solicitude deberá cursarse en folla oficial co selo do centro educativo, de xeito que sexa lexible a autenticidade da petición.

Poderanse establecer dende a oficina de turismo do Concello os días e a horas prefixados para a entrada á cavidade destes grupos, en función das necesidades da demanda.

Esta entrada será exclusivamente para alumnos do Centro solicitante, que contén cunha idade mínima de once anos, debendo ser acompañados na visita por ao menos un responsable do centro educativo por grupo de alumnos que non excederá o número de 15, abonando o mesmo prezo que os alumnos.

Deberase presentar na oficina municipal de turismo a autorización oportuna cursada e concedida polo Concello de Mondoñedo, abonándose dunha soa vez e por un responsable, o total das entradas.

Materiais, seguridade e hixiene:

O Concello de Mondoñedo facilitará aos visitantes todo o material necesario para a realización das visitas nas debidas condicións de hixiene e seguridade. A tal efecto, proporcionará aos usuarios, entre outros elementos, cascots homologados e guantes. En ningún caso se lles poderá esixir aos visitantes o pago de cantidade algunha polo uso destes materiais.

Os visitantes deberán empregar roupa cómoda e axeitada ás condicións climáticas interiores da cova. A tal efecto, deberán levar calzado adecuado, preferentemente antideslizante e con sola de goma, sen o cal non se lles permitirá o acceso á Cova.

O Concello de Mondoñedo estará obrigado, en todo caso, a manter vixente un seguro de responsabilidade civil que cubra calquera continxencia ou accidente que poida afectar aos usuarios durante a visita guiada á Cova así como á elaboración e mantemento dun plan de emerxencias axeitado.

Réxime de uso da Cova:

Os usuarios estarán obrigados, tanto por cuestión de seguridade individual como colectiva, ao estrito cumprimento das indicacións realizadas polo guía durante a realización da visita, especialmente no relativo aos itinerarios e seguir. A tal efecto, deberase manter, en todo caso, a unidade do grupo durante o desenvolvemento da visita guiada.

En todo caso manterase unha actitude de respecto cos valores naturais e xeolóxicos da Cova, estando prohibida calquera actuación que poida atentar directa ou indirectamente contra os mesmos.

Non se permite a introdución na Cova de elementos estraños á mesma que non sexan absolutamente imprescindibles para a realización das visitas guiadas, estando prohibido, en especial, a introdución de calquera tipo de comida ou bebida por parte dos usuarios.

Estas normas poderán ser revisadas e actualizadas, xustificadamente, en función das necesidades de funcionamento da Cova.

En todo o non explicitado aquí rexe a normativa en vigor en cada momento que, para o momento actual é o “Regulamento dos rexímenes de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo (Mondoñedo, Lugo), Actividades deportivas xerais e actividades científicas ou de investigación” e está publicada no BOP de Lugo, num. 273, do venres 27 de novembro de 2020.

Artigo 6º Devengo e obriga de contribuír

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación do servizo.
2. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo obxecto do feito imponible non se preste procederá a devolución correspondiente.

Artigo 7º Bonificacións.

Establécese unha bonificación da cota tributaria respecto das visitas organizadas de alumnos de centros educativos, nos termos establecidos no artigo anterior, quedando o importe en 9€ /persoa.

Artigo 8º Administración e cobro da taxa

1. A obriga de pago da taxa que se regula nesta ordenanza nace coa solicitude de entrada na Cova do Rei Cintolo, e materialízase coa obtención mediante o pago de entrada.
2. Cando unha persoa xurídica ou entidade solicite autorización para que u grupo poida visitar a Cova, deberá solicitar o depósito previo de todas as persoas que pretendan acceder á cova.
3. O pago de la taxa mediante entrada realizarase sempre en efectivo no momento previo á vista, ou mediante transferencia bancaria anticipada antes do uso do servizo, en número de conta que o Concello comunicará ao interesado no momento en que o solicite, non admitíndose outras formas de pago.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez fose aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Mondoñedo e publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Mondoñedo, 26 de decembro de 2023.- O Alcade, Manuel Angel Otero Legide.

R. 0048

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 OFICIAL DE 1ª- CONDUTOR) AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023

POSTO DE TRABALLO: 1 OFICIAL DE 1ª- CONDUTOR

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 3671 50), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 5 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0049